



## **PROGRAMA CONCILIA BUEU 2023**

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece no seu artigo 25.2.l) que é competencia municipal a “promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Así mesmo, o artigo 25.2.m) indica que é competencia municipal a “promoción da cultura e equipamentos culturais”. Máis concretamente, a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, fai fincapé na necesidade de levar a cabo políticas e actividades que permitan garantir a conciliación laboral e familiar das persoas.

O Concello de Bueu é consciente da necesidade que existe de que dende as administracións se habiliten os mecanismos e iniciativas necesarias para que durante a tempada estival os nenos e nenas de entre 3 e 12 anos conten con alternativas de ocio adaptadas ás circunstancias actuais, o que reverterá na conciliación laboral e familiar.

O Concello de Bueu pon en marcha o PROGRAMA ‘CONCILIA BUEU’, no que se proporán durante as mañás de xullo e agosto diversas actividades para a cativada. É necesario poder ofertar un recurso de conciliación para as familias e de educación non formal para o tempo de lecer dun espazo de ocio favorable para as súas emocións e sentimentos. Así, a oferta comprenderá actividades para desenvolver en diversos espazos.

1. OBXECTO. Convocar a adxudicación de prazas no programa Concilia Bueu.

2. PROCEDEMENTO DE PARTICIPACIÓN:

O número total de prazas ofertadas para este programa é de 100 para cada mes, distribuídas do seguinte xeito:

- 90 prazas serán adxudicadas polo procedemento xeral
- 10 prazas serán adxudicadas polo procedemento específico: reservaranse para menores en situación ou risco de exclusión social

3. REQUISITOS PARA SER ADXUDICATARIA/O

Nenas e nenos nados entre os anos 2011 e 2019, ambos inclusive.



#### 4. PARTICIPACIÓN POLO PROCEDEMENTO XERAL

As solicitudes seguirán a seguinte orde de adxudicación:

1º As nenas e nenos que xustifiquen empadroamento en Bueu dun mínimo de 3 meses. Ditas prazas adxudicaranse segundo a orde de puntuación obtida pola aplicación do baremo que figura no ANEXO II.

2º De existiren prazas vacantes poderán optar a estas nenas e nenos empadroados noutros concellos. No caso de empate prevalecerá a orde de presentación de solicitudes.

#### 5. PARTICIPACIÓN POLO PROCEDEMENTO ESPECÍFICO

10 prazas de reserva para menores en situación ou risco de exclusión social empadroados no Concello de Bueu. As persoas destinatarias destas prazas serán menores do Concello de Bueu usuarias dos servizos sociais como participantes nalgún dos programas e servizos básicos relacionados no artigo 9 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

6. SOLICITUDES: As persoas interesadas deberán achegar a seguinte documentación:

- a) ANEXO I, relativo á solicitude de participación.
- b) Xustificante de empadroamento, no caso de non permitir a consulta.
- c) Fotocopia da tarxeta demandante de emprego, no caso de estar nesta circunstancia.
- d) Fotocopia do libro de familia, ou outro documento que acredite esta información.
- e) Certificado/Xustificante de empresa con data do presente maio ou xuño, no caso de estar en situación laboral activa.
- f) Fotocopia do libro de familia numerosa, no caso de estar nesta circunstancia.
- d) Fotocopia do certificado de monoparentalidade, no caso de estar nesta circunstancia.

#### 5. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

1. Poderanse presentar as solicitudes presencialmente ou ben mediante a Sede Electrónica do Concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal>).



2. O prazo de presentación de solicitudes é dende o 29 de maio ata o 9 de xuño de 2023.

6. CALENDARIO. O programa desenvólvese entre o 3 de xullo de 2023 e o 31 de agosto de 2023.

7. INTERPRETACIÓN DAS BASES. Todas as cuestións que poidan derivar da interpretación destas bases serán resoltas polo departamento de Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Bueu.

8. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL. En cumprimento co establecido na normativa de Protección de Datos de Carácter persoal, os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable polo Concello de Bueu, coa finalidade de levar a cabo a súa tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos, enviando un correo electrónico a [benestarsocial@concellodebueu.gal](mailto:benestarsocial@concellodebueu.gal).